

**RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo do 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.**

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019), para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo superior, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 (DOGA núm. 142 do 29.08.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.2 que o **segundo exercicio terá lugar o día 13 de marzo do 2020, venres, na sala dos Reis da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia**, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará **ás 10.00 horas**.

Este segundo exercicio de suposto práctico consta de dúas partes que se realizarán na mesma sesión cun único chamamento.

De acordo coa base 6.1.2 da convocatoria, para a segunda parte do exercicio as persoas aspirantes poderán levar e consultar os textos legais que estimen oportuno, admítense as versións consolidadas, aquelas nas que figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial.

Polo antedito as persoas aspirantes deberán ir provistas desta documentación de apoio no momento do chamamento, xa que non se poderá saír da sala onde se realice o exercicio ata que rematen as dúas partes do mesmo, sen prexuízo de que se poida dispor dunha pausa entre unha e outra.

Para a valoración da primeira parte do exercicio con preguntas tipo test puntuarase cada resposta correcta con 0,60 puntos e por cada resposta incorrecta descontaranse 0,20 puntos. **Non hai puntuación mínima para cada parte do exercicio xa que a cualificación deste segundo exercicio será a suma**



das puntuacións das dúas partes e para supéralo será necesario obter un mínimo de dezaioito (18) puntos.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a suízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2020

A presidenta do tribunal